

UNIDADE DIDÁCTICA 6

A AVALIACIÓN

DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN INFANTIL

Índice

1.	A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL	3
1.2.	FUNCIÓNS DA AVALIACIÓN INFANTIL	4
1.3.	FASES DA AVALIACIÓN	5
1.	Enfoque dunha realidade.	5
2.	Seleccionar a faceta que hai que avaliar.	5
3.	Elaboración dun xuízo de avaliación.....	6
4.	Expresión do resultado da avaliación.	7
1.4.	TIPOS DE AVALIACIÓN	8
	Avaliación inicial.....	8
	Avaliación continúa	8
	Avaliación sumativa ou final	9
1.5.	TÉCNICAS DE AVALIACIÓN.....	10
	Como realizamos a avaliación?	10
	INSTRUMENTOS DE OBSERVACIÓN	11
	Que é un diario?.....	11
	Que é un anecdotario?.....	11
	Que é unha lista de control?	12
	Que é unha escala de estimación?	12
	Que é un cuestionario?	12
	Que é unha entrevista?	12
2.	XESTIÓN DE CALIDADE DOS CENTROS	13
2.2.	A avaliación do centro	14
	Avaliación interna.....	14
	Avaliación externa.....	14
3.	A FORMACIÓN PERMANENTE NA EDUCACIÓN INFANTIL.....	15
3.2.	Actitude de mellora:.....	15
1.6.	A formación permanente	16

1. A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL

Nos sistemas sociais burocratizados os sistemas educativos son estruturas que contribuen á xerarquización social, e dentro dese proceso educativo, a avaliación nace como un mecanismo de selección de persoal. Mais recentemente, cando os sistemas educativos se estenderon a unha parte importante da sociedade, a preocupación principal da avaliación era a obxectividade dese proceso selectivo.

En estes dous momentos vemos que a avaliación se realiza con respecto ao que podemos denominar una norma a comparación dos resultados dunha persoa cos resultados de toda unha poboación, que determina o marco con respecto ao cal nos temos que comparar.

Nesa evolución do concepto de avaliación, pásase co pulo da teoría condutista e a programación por obxectivos operativos, a unha avaliación con referencia a un criterio que ven determinado por un obxectivo e non polo resultado que obteñan outras persoas.

Hoxe en día a problemática da avaliación está máis centrada en cuestións como o proceso de ensino aprendizaxe, máis que na mera medición de cuestións concretas sobre as capacidades do alumnado.

Nalgún momento anterior falamos de que a avaliación era un dos elementos que definían o currículo, una vez que temos definido o que queremos ensinar e como o imos ensinar, será preciso comprobar que iso que propuxemos que o alumnado aprendera realmente o aprendeu, de xeito que deberemos definir que imos avaliar, como o imos facer e cando o faremos.

Para dar resposta a que imos avaliar definíranse criterios de avaliación, para determinar como facelo será preciso revisar diferentes instrumentos de avaliación e para dar resposta ao cando teremos en conta os diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

1.2. FUNCIONES DA AVALIACIÓN INFANTIL

Cando se planifica a avaliación na escola seguramente se pensa na **función pedagóxica** que cumpre.

Permítenos coñecer ao alumnado, tanto os seus coñecementos como as condicións persoais para planificar o proceso de ensino. Permítenos coñecer como se está a desenvolver o proceso educativo e a situación ao remate de cada un dos cursos, ciclos e etapas. A avaliación permite tamén establecer as competencias concretas que posúe un alumno ou alumna para acceder a un determinado nivel educativo, por exemplo cando se realiza unha **avaliación diagnóstica**.

Pero a importancia da avaliación dentro do sistema escolar fai que o propio ambiente escolar se vexa mediatizado por ela. De xeito que afecta á relación entre o profesorado e o alumnado, e podemos atopar comportamentos como facer a pelota, facerse notar, relacionarse con profesorado de xeito distinto, etc. Pero tamén afecta ás relacións entre o propio alumnado, creando roles como o do chapón, creando situación de axuda nos exames ou de competitividade, etc. As formas de avaliación, os contidos e as aprendizaxes que se seleccionan na avaliación indícanos que elementos do curriculum se consideran relevantes ou non, de xeito moito máis fiable que as declaracións feitas na formulación dos obxectivos na programación inicial.

A avaliación constitúese nun reforzador, tanto positivo como negativo da motivación polo estudo, sendo ao mesmo tempo un importante creador de **autoconcepto**.

Pero ademais destas funcións que son as que obxectivamente pretendemos coa avaliación, tamén cumpre a avaliación outra serie de funcións.

Por exemplo, podemos comprobar como os resultados do alumnado crean expectativas ou imaxe da persoa avaliada, tanto para a propia persoa, para as familias ou para o profesorado. De tal xeito que os resultados das novas avaliacións son contrastados e interpretados en función da información que se tiña da avaliación anterior.

Tamén se pode comprobar como a avaliación, outorgarlle a quen a fai o poder de control sobre o grupo ao que avalía. Se os informes que emite a escola inflúen na clasificación social das persoas, quen emite eses informes terá na súa man a autoridade sobre o grupo.

Convértese pois a avaliación nun medio máis sutil que o castigo para manter a autoridade sobre o

alumnado. Dicirlle á familia que non fai ben as fichas ou que é o último en abotoarse a bata son claros exemplos de como o profesorado pode facer uso do poder por medio da avaliación.

Resulta tamén evidente que este poder de control vese potenciado en situacións autoritarias, dogmáticas, etc. sendo un arma frecuente do profesorado máis inseguro e inexperto no manexo de situacións de relación social.

Ademais de todo o sinalado, é preciso resaltar que a función da avaliación é distinta en función da persoa ou persoas que a reciben, deste xeito unha avaliación sobre un alumno ou unha alumna feita pública polos mecanismos

habituais (boletíns de notas, certificados, etc.) será recibida de xeito distinto e terá unas funcións distintas segundo sexan o propio alumno ou alumna, as familias, os compañeiros ou compañeiras, o centro ao que quere cambiar, o profesorado doutros cursos, os veciños da familia, etc.

1.3. FASES DA AVALIACIÓN

Segundo a GIMENO, J. e PÉREZ, A. (1992) en *Comprender y transformar la enseñanza*, podemos sinalar como fases ou pasos que se dan ao realizar a avaliación os seguintes:

1. Enfoque dunha realidade.

A primeira decisión que temos que tomar á hora de realizar a avaliación é seleccionar de entre todos os elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe cal ou cales serán obxecto de avaliación.

Na actualidade nun importante sector do profesorado, así como entre o alumnado e a sociedade en xeral considérase que o único elemento a avaliar do sistema educativo é o rendemento dos alumnos e alumnas.

Sen embargo poden ser obxecto de avaliación todos os elementos que conforman ese proceso de ensino aprendizaxe.

De tal xeito que podemos avaliar ao profesorado, aos espazos, aos materiais, ás metodoloxías, etc.

2. Seleccionar a faceta que hai que avaliar.

Podemos avaliar elementos complexos, coma un centro escolar, o alumnado, a práctica docente, etc. no seu conxunto, pero resultará máis preciso se seleccionamos aspectos ou dimensións máis concretas. Esta segunda selección do obxecto de avaliación implica non só un procedemento técnico, senón una concepción pedagóxica e tamén da propia filosofía da vida. Así, cando un profesor ou profesora da una nota nunha área de coñecemento, non a da no en termos absolutos desa área, senón nunha determinada serie de aspectos seleccionados a priori polo docente. Aínda que teríamos que dicir que para coñecer esa selección de aspectos non nos chega coa declaración previa de intencións, senón que teríamos que facer unha análise do instrumento concreto utilizado na avaliación, a forma de aplicalo e a situación na que o alumnado o resposta.

É necesario ter en conta que a selección da faceta que imos avaliar pódese "contaminar" con outros elementos que interfieren no xuízo que emite o docente, é o que se coñece por "**efecto halo**", a interferencia da opinión que temos sobre un determinado alumno, á hora de emitir un xuízo sobre aspectos concretos da súa persoa. "Ese neniño tan lindo non ten problemas de linguaxe,

é moi gracioso falando, aquel outro non só ten problemas na linguaxe, senón que incluso parece que o fai por fastidiar".

Polo que sería necesario enunciarse claramente os criterios da avaliación que imos pregar, neste sentido podemos sinalar dous tipos de criterios de avaliación:

- Criterios de corrección, permiten ao corrector saber o que debe buscar na resposta e discernir entre o que considera axeitado e o que non. Podemos distinguir dentro deles:
- Criterios mínimos: indicamos os que teñen que ser estritamente realizados senón se quere comprometer a continuación da aprendizaxe ou a entrada nun ciclo de estudos superiores, segundo os casos.
- Criterios de perfeccionamento: permiten situar a execución do suxeito entre a aprendizaxe mínima e a aprendizaxe total ou máxima; tentan ter en conta os recursos individuais do suxeito.
- Criterios de eficacia da acción pedagóxica: poden ser de carácter individual ou colectivo.

A determinación dos criterios presenta a miúdo problemas ligados á validez ou a fiabilidade da avaliación.

Tendo en conta este problema intentarase comunicar os criterios de avaliación e, na medida do posible, establecerase o acordo entre as persoas implicadas.

3. Elaboración dun xuízo de avaliación.

O feito de non traballar con realidades medibles e perfectamente delimitables, lévanos a realizar comparación entre os resultados obtidos e uns criterios ou normas previamente establecidos e que consideramos como ideais. Desta maneira ante os resultados do alumnado nunha determinada proba ou situación, comparámoslos cos que consideramos propios dun neno ou nena da súa idade, cos resultados obtidos polos seus compañeiros e compañeiras, cos obtidos por esa mesma persoa nun momento anterior ou con calquera outro marco de referencia que nos permita emitir un xuízo sobre ese comportamento. Se cando avaliamos non temos consciencia de realizar estes pasos é porque simplificamos o proceso una vez que xa temos establecido cales son os resultados que consideramos óptimos, establecemento que podemos facer pola influencia do sistema social, dos libros de texto, das opinións doutros compañeiros, etc..

Dividamos este apartado, pola complexidade que encerra, nas seguintes fases:

Recollida de información.

O problema principal que temos que resolver nesta fase é a selección do instrumento axeitado de avaliación.

Non existe un único instrumento bo para a avaliación ou un instrumento malo, cada procedemento ten posibilidades específicas para proporcionar

coñecemento sobre a realidade avaliada. Teremos, ademais que atender á situación na que se pretende recoller a información:

Buscando a situación natural na que se poidan recoller esas informacións, na práctica educativa constituirá a avaliación continua no transcurso da aprendizaxe.

Ou ben creando situación propicia para a recollida dos datos, é a que en educación constituirá a avaliación puntual, e trata de reducir a influencia das informacións parasitarias na avaliación.

É preciso de todos os xeitos que o requirimento de obxectividade dos instrumentos non nos pode levar á simplificación do instrumento, pois con respostas simples só se pode contestar a preguntas simples, e esta simplificación pódenos levar a traballar exclusivamente cousas simples, e non entender procesos complexos, ou non utilizar procesos intelectuais complexos como o razoamento, a análise, etc. E quedámonos simplemente coa memorización de conceptos.

Elaboración da información.

Unha vez recollida a información non emitimos directamente un xuízo, senón que ponderamos a información recollida, dándolle un valor diferente ás distintas informacións que temos sobre o alumnado. Dámoslle máis valor a que se exprese con corrección ou a que o faga creativamente, a que debuxe exactamente o que mandamos ou a que o seu debuxo se pareza o máis posible ao modelo.

Resulta evidente que é necesario un proceso de autoavaliación para definir e explicitar os criterios ocultos de ponderación, mediante os cales estamos transmitindo subliminalmente a nosa ideoloxía, a nosa concepción da educación, etc.. Non é tanto, como di Gimeno Sacristán, un problema de seleccionar bos instrumentos senón de autoanalizar, depurar e formar bos esquemas de medición.

Apreciar o valor da realidade avaliada.

É neste momento cando comparamos a distancia que existe entre os datos obtidos nas probas feitas ao alumnado e os valores de referencia.

Resulta tamén transcendental neste punto a explicitación do consenso e das discrepancias que existen entre o equipo educativo, a discusión dos criterios e a chegada a acordos que permitan unha definición máis explícita da obxectividade.

4. Expresión do resultado da avaliación.

Non todas as informacións recollidas durante o proceso de avaliación rematan plasmándose nun boletín, nunha ficha ou nun papel, aínda que resulta necesario nalgúns casos, como nos que queremos transmitir unha información ás familias ou cando o propio profesorado quere ter un rexistro da evolución do alumnado.

De calquera xeito a expresión do resultado da avaliación implica unha redución da información, o profesorado sempre ten máis datos sobre o alumnado dos que quedan plasmados nos informes.

1.4. TIPOS DE AVALIACIÓN

Ao falar de tipos de avaliación referirémonos aos principais momentos da avaliación, tendo en conta o carácter formativo que esta debe ter:

Avaliación inicial

Nela recollen os datos relevantes sobre o seu proceso de desenvolvemento. Inclúese información proporcionada polos pais e as nais e, se procede, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que proporcionen interese para a vida escolar.

Obxectivos que cumpre:

- Obter información sobre a situación de partida de cada neno.
- Adecuar a actuación do educador ás características e necesidades de cada neno.
- Coñecer as características, necesidades, e diversidade dos nenos do grupo.
- Información que recolle:
- Información que proporciona a familia.
- Informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos, sociais.
- Datos de escolarización previos.
- Observacións directas do director do centro e do educador tomadas na entrevista realizada.

Avaliación continúa

O educador ou a educadora utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e dificultades dos nenos e das nenas co fin de axustar a intervención educativa para que estimule o proceso de aprendizaxe.

O educador e a educadora recollerán e anotarán os datos relativos ao proceso de avaliación continua e elaborarán ao final de cada curso escolar un informe de avaliación cos aspectos máis relevantes do proceso de aprendizaxe de cada neno.

Obxectivos que cumpre:

- Obter información permanente sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Comprobar se o proceso de ensino-aprendizaxe se adapta ás características e necesidades dos nenos e das nenas.
- Contribuír á mellora do labor do educador, logrando unha revisión da actuación docente.

Información que recolle:

- Grao de adquisición de capacidades por parte dos nenos e das nenas.
- Grao de satisfacción na aula en relación co clima logrado.
- Grao en que se alcanzaron os obxectivos previstos.
- Grao de satisfacción, eficacia e adecuación da metodoloxía utilizada, da organización espacial e temporal etc.
- Detección de dificultades, medidas de reforzo, adaptacións curriculares realizadas etc.

Avaliación sumativa ou final

Ao finalizar a etapa procederase á avaliación final do alumnado a partir dos datos obtidos no proceso de avaliación continua. Recolleranse nela as observacións máis relevantes sobre o grao de adquisición dos diversos tipos de capacidades que se reflicten nos obxectivos xerais. Incluirá, ademais, as medidas de reforzo e adaptación que fosen utilizadas. Non ten carácter de promoción, senón meramente información para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe da etapa seguinte.

Obxectivos que cumpre:

- Comprobar o grao de resposta dos nenos e das nenas ante determinadas situacións que implican a posta en práctica das capacidades adquiridas.
- Reflectir o grao de desenvolvemento de maduración en que cada neno e nena atopa ao finalizar o proceso nese momento.
- Expresar a situación individual de cada neno e nena, as adaptacións curriculares que se utilizasen.

1.5. TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

Como realizamos a avaliación?

A avaliación inclúe a recollida de información e formulación de conclusións a partir dela.

Para realizar este labor, utilizaremos diferentes técnicas e instrumentos de recollida de datos que nos proporcionen información sobre os diferentes aspectos do proceso de ensino aprendizaxe.

Unha das técnicas que máis se utiliza cos nenos en educación infantil é a observación.

O educador ou educadora comproba as condutas que quere analizar en diferentes circunstancias, rexistra a información que obtivo de forma directa ou indirecta e realiza a avaliación.

Cumpre unha serie de obxectivos en relación cos nenos e as nenas:

- Achegarse aos nenos individualmente, á súa realidade.
- Relacionar de forma integral diferentes aspectos do desenvolvemento do neno e da nena.
- Realizar un seguimento do desenvolvemento do neno e da nena dunha forma global.
- Observar a evolución e previr posibles dificultades.
- Coñecer os ritmos do neno e da nena, as súas preferencias, os seus rexeitamentos.
- Adaptar o proceso de ensino aprendizaxe ás características e necesidades de cada neno e nena individualmente.

Para realizar unha observación nas condicións axeitadas, debemos establecer, en primeiro lugar, para que queremos observar e que queremos observar, é dicir, resaltar as condutas que pretendemos observar.

Os requisitos para levar a cabo unha observación son:

- Determinar o obxectivo e as condutas que se queren avaliar.
- Sinalar os momentos e o lugar indicado para realizar as observacións.
- Seleccionar o instrumento axeitado.
- Anotar:
 - Quen observa e a quen observa
 - Cando, onde, momento
- Cando? Tras producirse o feito observado
- Usar linguaxe precisa, concisa e clara, sen ambigüidades.
- Evitar subxectividades ("ver o que queremos ver") e interpretacións.
- Non influír no neno ou nena (que non se sinta observado)
- Organizar as observacións e analízalas.

INSTRUMENTOS DE OBSERVACIÓN

Que instrumentos de observación podemos utilizar para a avaliación?

Podemos utilizar instrumentos de observación directa e indirecta. Podemos distinguir os seguintes instrumentos:

De observación directa:

- Diario
- Anecdótico
- Lista de control
- Escala de estimación

De observación indirecta:

- Cuestionario
- Entrevista

Que é un diario?

É un dos rexistros de observación máis coñecido entre os educadores e educadoras. Nel vanse rexistrando anotacións durante un período máis ou menos longo de forma regular.

O observador rexistra as condutas que considera de interese, normalmente ao final da etapa. Poden ser condutas de nova adquisición, cambios, dificultades, reflexións, interpretacións.

Adoita levar moito tempo e introduce feitos coas valoracións correspondentes, que se adoitan recoller en cadernos ou outro tipo de formatos.

Que é un anecdótico?

Consiste nun rexistro de feitos ou comportamentos relevantes. Descríbense como anécdotas. Recóllense ao longo do tempo e rexístranse cronoloxicamente de forma que se avalían posteriormente. Rexístranse de forma aséptica, en forma de episodios.

Os acontecementos illados non son importantes. As anécdotas deben recollerse nada máis producirse, mesmo anotando as respostas dos nenos e nenas de forma exacta. Débense redactar de forma clara e concisa. Poden ser útiles e prácticas en forma de fichas.

Que é unha lista de control?

Sérvelle ao persoal educador para informar da existencia ou non da conduta, comportamento, se se produce con determinada frecuencia etc.

Inclúe unha serie de condutas observables en forma de lista coa indicación ou non da súa presenza.

Pódese utilizar para valorar nun individuo ou nun grupo a existencia ou non dunha conduta, pero non a frecuencia coa que se repite.

Selecciónanse previamente unha serie de condutas que se poden ordenar para a súa mellor interpretación.

Que é unha escala de estimación?

Constrúense coas listas de control, pero ademais establecen unha valoración de menor a maior de cada ítem ou conduta, entre os que hai que seleccionar o máis axeitado.

Pódense indicar valoracións de:

- Grao: moi baixo a alto/non empezado a finalizado.
- De frecuencia: de nunca a sempre.
- Gráfica: puntos ou barras.
- Numérica: 1 a...
- Descritiva: con frase-tipo

Que é un cuestionario?

Consisten en preguntas que se contestan por escrito. No caso de educación infantil, pode ser, por exemplo, dun cuestionario que se lles pasa aos pais e ás nais ao incorporarse ao centro para realizar un diagnóstico inicial. Pode incluír preguntas pechadas, preguntas curtas ou outras máis abertas.

Que é unha entrevista?

Serve para recoller información oral e establecer una relación directa entre o educador e a familia. O persoal educador debe saber escoitar, ser sistemático, observar e saber finalizar a entrevista de forma axeitada. Non permite recoller información por escrito, polo que é necesario esforzarse por parte do educador ou educadora para non perder información que poida ser útil.

2. XESTIÓN DE CALIDADE DOS CENTROS

A avaliación dun centro educativo en calquer ámbito ten como meta coñecer a seu funcionamento e melloralo, buscando en todo caso a calidade e a innovación.

¿Qué é a calidade?

O concepto de calidade dun proceso de intervención educativa poden terse en conta nestos indicadores:

- Detección de fallos e definición das melloras.
- Análise de datos constatados, non supostos.
- As medidas tomadas son de carácter integral, implicando a todos os órganos do centro.
- Nivel de satisfacción das necesidades das familias, dos destinatarios de claquer programa.
- Resposta ás necesidades do entorno.
- Satisfacción dos educadores/as e outro persoal.
- Eficaz traballo dos educadores/as.
- Nive de aprendizaxe dos nenos/as e o seu progreso nos ámbitos intelectuais, emocionais, afectivo e social.
- Adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que favorezan o desenvolvemento e a inserción na sociedade.
- Atención á diversidade.
- Permanencia dos destinatarios no centro
- Participación das familias e dos nenos/as xóvenes
- A relación positiva entre recursos e logros.

Os centros levan á cabo programas de xestión de calidade. Por xestión de calidade enténdese o conxunto das accións que van encamiñadas ao análise do máis obxectivo posible do funcionamento do centro para identificar o que é susceptible de mellora e, tras unha toma de decisións, mellorar e innovar.

A innovación educativa supón levar a cabo unha serie de accións que darán lugar aos cambios necesarios na subvención educativa para que esta mellore. Para elo é necesario planificar os cambios, buscando novas estratexias. Agora ben, innovar non é solo aplicar algo novedoso, senón aplicar estratexias que produzan cambios.

A actitude das persoas implicadas é fundamental, hai que estar aberto ao novo, aso cambios. A innovación debe formar parte da actividade diaria, non so é competencia das institucións e Administración, senón do educador/a como primeiro axente de intervención.

2.2. A AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do centro é moi ampla e implica unha avaliación interna, que a realizan as persoas que compoñen a comunidade educativa, e unha avaliación externa, encomendada a axentes externos.

Avaliación interna:

- Realízana os órganos directivos dos centros.
- Nos centros sostidos por fondos públicos no ámbito formal son o equipo directivo e o consello escolar os encargados, se se trata dos centros financiados de forma privada, o responsable sería o titular.
- Inclúe a autoavaliación das súas competencias e a área de actuación individual dos educadores/as e dos equipos.
- Outros axentes son os pais, posto que forman parte da comunidade educativa.
- A idade tan temperá dos nenos/as, xa sexan alumnos e destinatarios de proxectos non formais, limita a súa acción neste período.

Avaliación externa:


- No ámbito formal corre a cargo da inspección Técnica de Educación.
- No ámbito non escolar realízaa a institución, entidade ou organismo do que dependa o proxecto o programa que se leva a cabo.
- Un proxecto de calidade leva a cabo unha avaliación dos aspectos:
 - Educativos, en canto a consecución dos obxectivos que a institución plantea no proxecto.
 - A xestión administrativa e económica que, no caso dos centros privados, implica a valoración da rentabilidade que como empresa fixouse, xa que é un negocio cunha maior inversión a amortizar e valorar.
- O elementos a avaliar do centro serán:
 - Xestión económica, inversións, rentabilidade.
 - Xestión de recursos materiais, infraestruturas, equipamentos, servizos.
 - Organización, emprego e funcionamento dos recursos humanos: persoal docente, e non docente, que inclúe o persoal de servizos xenerais.
 - A planificación: programas, proxectos e programacións.
 - Aplicación da lexislación pertinente educativa, sanitaria e laboral.
 - Os resultados.

3. A FORMACIÓN PERMANENTE NA EDUCACIÓN INFANTIL

3.2. ACTITUDE DE MELLORA:

O educador/a infantil é un profesional que adquire unha boa formación de base nos seus estudos, pero como todo profesional debe manterse en continua formación para actualizar os seus coñecementos e tencias de traballo e, desta maneira, responder tanto ela como o centro educativo ás necesidades da poboación á que atenden.

A actualización pasa por estas fases:



A formación continua é individual, pero favorecese e está combinada coa do equipo de traballo. Un equipo coordinado contribúe a identificar as necesidades da formación de cada un dos membros. É imprescindible o apoio da dirección dos centros, facilitando os medios (espazos, horarios e materiais). Nos proxectos recóllense as accións destinadas neste sentido.

Cada profesional ten unhas motivacións para a actualización profesional. Estas poden ser:


- **Intrínsecas:**
 - Compromiso social
 - Que o aprendido sexa aplicable ao grupo de traballo
 - Mellorar os coñecementos necesarios no ámbito da súa intervención.
 - Mellorar as estratexias docentes e de status laboral.
 - Consideralo como unha mellora persoal non como unha imposición
- **Extrínsecas:**
 - Facilitade de acceso ao centro de impartición.
 - Disponibilidade de tempo
 - Prestixio dos profesores.

1.6. A FORMACIÓN PERMANENTE

A formación permanente é o proceso cuxo obxectivo é actualizar os coñecementos e as destrezas específicas dun profesional para mellorar as súas competencias.

Debe entenderse como un proceso asociado á vida laboral do educador/a infantil. Está baseado no coñecemento das posibilidades e as limitación de cada un. É unha autoavaliación que se converte na autoformación na medida en que do noso propio análise obtemos un medio para mellorar.

Desenvolvese en tres fases:



Unha vez identificadas as necesidades de mellora, establécense as necesidades de formación do educador/a infantil:

- Ampliar e actualizar os coñecementos
- Desenvolver habilidades específicas da intervención educativa.
- Coñecer e incorporar novas tecnoloxías e recursos educativos.
- Actualización da normativa legal.
- Coñecemento de novos plans e programas educativos.

E se se buscan os recursos, realizando a formación permanente en dous marcos:

- Interno: a formación adquirese no propio centro educativo e é froito da investigación no seu grupo cos nenos/as, de renovación das súas programacións, das reflexións que se levan a cabo durante a intervención e tras ela.
- Externo: a formación que se obtén en cursos, congresos, xornadas educativas e seminarios.